



Retraso nunha cirurxía vascular.

Expediente: I.5.Q/4838/20

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2020

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao retraso nunha cirurxía vascular [REDACTED].

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que:

Quiero denunciar una situación muy grave que se está viviendo, imagino que, en toda la sanidad española, pero en la gallega, que es la que le toca y en concreto en [REDACTED]. MI PADRE [REDACTED], tiene una operación de aorta programada, cuyo plazo ya ha sido sobrepasado con creces. Se ha ido encontrando mal progresivamente en los últimos meses. Su doctora de atención primaria dice que solo puede esperar. Comunicados con la secretaria de cirugía vascular [REDACTED], en el día de hoy, y comunicando que la salud de mi padre ha empeorado la última semana, que tiene dolores constantes y que ya no puede dormir. Nos dice que el jefe del servicio, [REDACTED], no se quiere poner al teléfono, que la urgencia le da lo mismo. Y que la operación, se realizará en dos o tres semanas, si acaso....

Qué no se puede consentir que no atiendan a las personas (contribuyentes) sostenedores del sistema. Los están dejando morir, con la excusa de la posible saturación de la sanidad. En Urgencias no nos atienden, atención primaria tampoco, nos remiten a teléfonos que comunican, es un caos, parece una república bananera. Vamos a exigir responsabilidades a todos los niveles.

Ante iso contactamos telefonicamente con vostede coa finalidade de constatar si a devandita intervención cirúrxica tiña asignada unha prioridade, confirmándonos que a prioridade era I, con esa información contactamos telefonicamente coa Consellería de Sanidade e tamén

solicitamos por escrito o correspondente informe, que xa nolo remitiu. En dito informe indícase o seguinte:

“En resposta á reclamación presentada por ██████████, en relación á asistencia sanitaria prestada a ██████████, confirmamos co servizo de anxioloxía e cirurxía vascular que o procedemento cirúrxico foi programado para este venres, día 27 de novembro de 2020.

Salvo imprevistos e/ou emerxencias que poidan motivar o aprazamento. realizarase por tanto nos próximos días, o que xa foi comunicado ao paciente.

Quedamos a súa disposición para calquera outra aclaración que poidan precisar.”

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Á vista do contido do seu escrito de queixa e do que se manifesta nos informes da Administración, cómpre dicir que, de acordo ao artigo 5.1 do Decreto 104/2005 de 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria, o tempo máximo de espera estrutural nas intervencións cirúrxicas é de 180 días, non obstante, e de conformidade co artigo 5.2 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias o Servizo galego de Saúde a prol de fixar tempos máximos de acceso ás súas prestacións, establecerá un sistema de clasificación en prioridades baseado en aspectos clínicos, funcionais e sociais do paciente, este sistema de prioridades condicionará o tempo de espera para os diferentes procedementos. Neste caso estamos ante unha prioridade I, prioridade que se ben non ten garantido un prazo máximo de espera, tendo en conta o anteriormente dito este prazo debe ser razoable, de feito e ata o día 11 de marzo de 2020 no que a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional, o Servizo galego contemplaba un período de 30 días para as intervencións con este nivel de prioridade . As circunstancias extraordinarias que concorren actualmente constitúen unha crise sanitaria sen precedentes e de enorme magnitude polo que os tempos de espera actuais tenden a prolongarse. Con todo a Administración trasladounos a súa previsión de facer efectiva esta prestación o 27 de novembro do ano en curso.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa

queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo, fixando unha data certa para a súa intervención.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo